




ENTIDADE LOCAL MENOR  
DE  
PAZOS DE REIS  
(TUI)



## EDICTO

Os efectos de proceder á **CONCESIÓN TEMPORAL, DA CASETA E ANTENA PARA TRANSMISIÓN E DISTRIBUCIÓN DE SINAIS DE RADIO, TV OU OUTRO TIPO DE COMUNICACIÓN** expóñese ó público o prego de condicións aprobado, polo prazo de quince días hábiles, ós efectos de presentación de proposicións.

1. **OBXECTO DA CONCESION:** CONCESIÓN TEMPORAL DA CASETA E ANTENA PARA TRANSMISIÓN E DISTRIBUCIÓN DE SINAIS DE RADIO, TV OU OUTRO TIPO DE COMUNICACIÓN,

**Dita concesión poderá concederse simultaneamente ata 3 concesionarios, sempre que estes non interrompan a actividade dos outros nin a da RMT.**

O contrato definido ten a cualificación de contrato privado, tal e como establece o artigo 9 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

2. **DURACION DA CONCESION.** O concesión outorgase polo prazo de **CATRO ANOS (4)**, con posibilidade de prórroga por un período máximo de dous anos, sen que esta poida ser producida por consentimento tácito, precisando en todo caso mutuo acordo expreso antes da finalización do contrato.
3. **PREZO DE CONCESIÓN.-** Establécese un canon de concesión mínimo (por adxudicatario) de 1.250,00 € (MAIS IVE).

Unha vez transcorrido o primeiro ano do contrato, os prezos serán obxectos de revisión automática, tendo en conta as variacións do índice de prezos ó consumo no conxunto nacional publicado polo Instituto Nacional de Estatística.

O ingreso do prezo será efectuado polo adxudicatario na Tesourería Municipal por anos naturais mediante o procedemento da autoliquidación, sen necesidade de liquidación previa, dentro do mes seguinte ó de comezo de cada anualidade.

4. **GARANTIAS.**
  - **Definitiva.** Equivalente ó 3% do valor do dominio público ocupado.
5. **OBTENCIÓN DE DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN.** Secretaria da Entidade Local Menor de Pazos de Reis. Data límite de obtención de documentación e información: día anterior ó do remate de presentación de propostas.
6. **PRESENTACION DE PROPOSICIÓNS:** A oferta presentarase na Entidade Local Menor de Pazos de Reis con enderezo en Edificio Administrativo de A Macoca – A Macoca s/n, 36715 Pazos de Reis en horario de 9:00 ata 14:00, dentro do prazo de quince días contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no Taboleiro de Edictos desta Entidade e na Paxina Web ([www.pazosdereis.org](http://www.pazosdereis.org))

Pazos de Reis, documento asinado dixitalmente  
O Presidente

